

Manolo, irmán, cuñado e tío, sempre no noso recordo, pois saibas que non hai morte, mentres permanezas no noso corazón.

As irmás de Manolo, Montse e Conxi, os seus esposos Félix e Jesús, e os sobrinos e sobrina neta, queremos, aproveitando esta oportunidade, desanoar os recordos que gardamos con calor, de momentos imborrables, cheos de felicidade, tenrura, emoción desbordada, vivencias, sentimentos, tamén penas, que compartimos nun marco familiar inesquecible, que engrandece o recordo.

Manolo naceu en Galicia, San Miguel de Paradela, Lugo, onde pasou os primeiros 6/7 anos da súa vida. Este feito marcou a súa senda literaria. Como dicía o poeta toda a súa infancia é pobo. Gústalle a vida sinxela do pobo, e aínda que non vivía nel, cada verán buscaba nos camiños de Randulfe, as pegadas da súa nenez, Buscaba as súas raíces polos camiños da súa infancia volvendo aos cheiros a herba seca a e contemplando os atardeceres rosados.

Paradela

*Terra que vai dende o Toural ó Loio,
veiga onde nacin, doce, verde cunca,
camiño do romeiro a Compostela.
Polo mundo emigrante, triste, soio,
estarei lonxe, pro... esquecerte NUNCA!
Patria dos meus antergos, PARADELA!*

Cando aínda non alcanza a idade de 7 anos, trasládase á cidade de Barcelona, xunto cos seus pais, Manuel Rodríguez Rodríguez, natural da Bugalla, Santa Eulalia de Rebordao (Saviñao, Lugo), e Consolación López López, natural de Randulfe (San Miguel de Paradela, Lugo). En Barcelona establécense no Barrio de Sarria/San Gervasio, por algúns anos, despois pasan a vivir á Rúa Hortal, Barrio Barcelonés do Carmel.

Alí no ano 1945 nace a súa irmá Montserrat, e no ano 1953 a súa outra irmá Concepción.

Con 11/12 anos, curso 46/47, ingresa, no Seminario Menor Diocesano da Conreria (Tiana Barcelona) onde comezou a escribir os seus poemas, e nun deles, datado no Seminario 04.05.1950, é dicir antes de cumprir os 16 anos, dedícao á súa irmá Montse, de 4 anos, dicindo:

*Tu angelical hermosura,
Me roba el corazón*

*Y me llena de ternura
Y de grande admiración.*

Na libreta en que se inclúe este poema aparecen os primeiros poemas escritos por Manolo en galego.

O curso 51/52 no Seminario Maior de Barcelona, pois ao finalizar o verán do 52, xa non se incorpora ao Seminario.

Deixa o Seminario e comeza a traballar en Guerin, durante uns meses, para logo pasar a OSSA, onde comeza como auxiliar Administrativo e termina, logo de 24 anos como Xefe de Persoal. Combina o seu traballo coa tarefa de escritor, e algunhas das súas obras, reflicten o traballo na gran cidade, polo que podemos dicir ben alto trátase dun poeta obreiro.

Aos poucos anos de deixar o Seminario, coñece a Irene que logo de seis anos de noviazgo, casan no ano 1962, tendo dous fillos Enrique e Santiago, e vivindo en Barcelona, na Rúa Hortal de Barcelona, á beira dos seus pais.

Cada verán volve á súa terra. Longos paseos, visitas a mosteiros, longos parrafeos que fan que a noite sexa curta. Véñenme á alma como canción de berce, rumores da miña infancia, recordos que trato cada verán de retomar, o aire golpea os seus silencios e por máis que pasen os anos non deixa de recordar, e coller aquí e alá historias, feitos que lle servirán na súa tarefa literaria. Alí recollía inspiración para seguir escribindo poesía e narracións que mantiñan o seu espírito en contacto coa terra e as xentes que tanto añoraba e amaba.

No ano 1985, cando roza os 50 anos da súa vida, no momento máis álxido da súa obra, pecha o seu lugar de traballo, e o emigrante nostálxico volve ás súas raíces, de onde nunca en realidade saíu. Parece que dicía co poeta, porqué me trouxeches pai á cidade?

*Trinta longuísimos anos esmáganme a ialma
sempre arrodeado de asfalto e ladrillos,
.....
Boto de falla o terrón,
choro magoado, no cárcel da vila o meu Sino,
e ergo as palpebras ó ceo pescudando un indulto
pra ista cadea perpetua que vivo.*

Pero agazapada esperáballe a enfermidade, e detrás a morte, que non se pode enganar, nin esquivar nin subornar, e non se puido esconder, nin pechar a porta para evitar o seu encontro. Sabemos que intentou dialogar con ela, sempre o dialogo, dicía, darlle explicacións, díxolle que tiña moitas cousas pendentes de facer, que quería ver crecer aos seus fillos, que aínda non se fixeron realidade todos os seus soños, que necesitaba máis tempo para poder logralos, pero ela, a morte, foi inmune a todas estas cousas, xorda a todas as súas súplicas, e cega ante a dor que este trance conleva.

Tiña só 55 anos. Fóisenos. O cruceiro vela os seus soños.

*Pra acollerme ós teus brazos sempre abertos,
fuxín daqueles lóbregos desertos.
Torno vello, fendido do traballo,
ermo na ialma, feito un espantallo.
–E pois, de mozo, nada che dei, morto
serei fiz, feito estrume do teu horto.*

Manolo foi sempre un galego galeguista, defensor e promotor activo, da cultura e identidade propias de Galicia. Non só porque a súa obra literaria está vinculada a Galicia, senón porque o adxectivo que a define, é humana, pois son os homes, e as mulleres os destinatarios da súa obra. A poesía e a prosa de Manolo, aportan unha mirada que parte do pobo, do pobo llano e serve para bosquexar unha nova visión do universo que se perfilar a través do diálogo, dialogo de moitas voces, provenientes de moitos lugares.

Sen dialogo non hai verdade, aseveraba Manolo. Aquí debemos facer fincapé na súa ilusión por achegar culturas catalá e galega. Porque do mesmo xeito que Manolo añoraba e amaba Galicia, tamén amaba Catalunya, as súas terras, as súas xentes polas que sentía profundo agradecimiento e devoción.

Fúcheste novo. Quedo moita obra no tinteiro e nos teus soños. Recordámosche como irmás, como cuñados como unha boa persoa, moi familiar, con todos. Recordamos os versos á aboa Conceución;

*A lúa e as estrelas
ollaban docemente
ós dous namoradiños
dende os eidos celestes.*

Recordámoste, pero aceptamos que non valoramos no seu momento a túa obra, tampouco o facían as institucións, non nos decatábamos que ao escribir en galego, xerabas riqueza no mundo literario. Recoñecemos que non existe parede que deteña a vontade, cando se ten un corazón como o de Manolo, que brilou pola súa xenerosidade e amor á familia, tanto que o seu brillo foi crecendo nestes 25 anos.

Sentímonos verdaderamente orgullosos que siga sendo recordado e homenaxeado tanto en Galicia como en Catalunya, sendo como o faro de luz fixa e constante, que ilumine o camiño de galegas e galegos, de presente e futuras xeracións. Non dubidamos que Manolo nos diría, non me busquedes alí, estou aquí, entre vós, profundamente agradecido. Nós dicímoslle: os teus soños continúan en nós.

Félix Fernández García



De esquerda a dereita, Conchita Rodríguez López (irmá de Manolo), Jesús Escudero (marido de Conchita), Montse Rodríguez López (irmá de Manolo) e Félix Fernández García (marido de Montse).